



## **Privatización do monte, extinción de especies e perigo de lumes.**

A sorprendente noticia de que a Consellería de Medio Rural vai autorizar batidas de xabarís desde abril hasta xaneiro (mais de 20.000 ao ano, sen sequera ter que acreditar danos, como antes) saltaba á prensa precisamente un día despois de que denunciáramos que, desde o día 29 de agosto, xa había cazadores no monte e o domingo, día 5, invadiron unha zona de ocio onde nenos e pais pasaban o fin de semana no campo.

De se levar a cabo tal decisión, inédita en calquera política ambiental seria, non solo vai ser o remate de calquera outra especie que aínda sobreviva no monte, como tamén un grave risco para os agricultores e para o resto das persoas durante o ano enteiro, ademais de que non vai resolver problema algún dos supostos danos que o animal causa na agricultura e aumentará o número de incendios no verán, cando a lei correspondente limita as actividades no monte.

Será unicamente un acto mais da entrega do monte, que é patrimonio de todos, ao lobby da caza e do enorme negocio de armas, subvencións e complementos para a caza que tal actividade sustenta.

Dicimos que vai ser o remate das demais especies, non por alarmismo senón por unha causa que calquera entende, porque as demais especies non solo van carecer do sosego necesario para se reproducir durante a época apropiada ( de feito, solo van prohibir a caza dos xabarís en febreiro e marzo, porque e cando se reproduce, pero as demais especies como coello, perdiz, lobo etc. teñen outras épocas de reprodución que se van a ver prexudicadas), senón que os que se consigan reproducir van ver como as súas crías son devoradas póllos cans de caza que invadirán o monte durante o ano enteiro. De feito, para prever tal tipo de incidencia, existen dous artigos da lei de caza (art. 34 e 40) que prohiben esta actividade, letal na época de cría.

Tamén parece evidente que a presenza de cazadores o ano todo no monte é incompatible con outras actividades no mesmo como son a agricultura, recollida de setas, sendeirismo, etc. de maneira que o único sistema de valorizar o monte, como é a participación de todos en actividades ao aire libre, verase frustrada polo perigo que representa saír cando non se sabe onde andarán dando tiros. Eso sen mencionar que as armas para cazar xabarís teñen alcance de hasta 3 km. o que, como xa se ten visto en abundancia nos diversos medios de comunicación, ocasiona que, disparos efectuados durante este tipo de batidas, maten paseantes que se atopan a quilómetros de distancia, ou balas que petan en casas, restaurantes, etc. de maneira que o risco que antes se reducía a e un par de meses ao ano, agora vaise estender polo ano enteiro. Semella unha clara irresponsabilidade e falta de sensibilidade cara aos non cazadores que son a maioría do pobo.

Debemos lembrar tamén que a actividade de cazadores, vehículos, disparos e cigarros no monte, representan gravísimo risco de incendio, e entran en claro conflito coa lei de incendios.

E dicimos que tampouco vai resolver o problema porque os cazadores non van ao monte movidos polo altruísmo o amor aos demais ou para resolver un problema social, eles van ao monte para se divertir matando animais. De feito tódolos intentos de resolver este problema utilizando aos cazadores xa se ten demostrado inútil ao longo de todos

estes anos cando cada tempada se autorizan mais batidas, a pedido dos propios cazadores, pero o problema segue a agravarse. Acontece o mesmo que cos incendios, se promovemos solucións do tipo que fomentan un determinado negocio, o negocio tende a aumentar en lugar de diminuír.

Xa se ten dado o caso de supostos “agricultores” que aparecen na típica foto onde se ve un inmenso campo de millo con algunhas plantas tiradas, que non se sabe se foron os xabarís ou o propio interesado quen as tirou, que en moitas ocasións tratase de un activo membro de unha cuadrilla local de cazadores, das moitas que hai en Galicia, que se encargan de denunciar supostos danos causados polos xabarís para, posteriormente, conseguir que lles autoricen batidas. A mesma estratexia xa se utilizou tamén para acusar ao raposo e estamos cansos de vela, a final tampouco é que pensen demasiado nas súas “estratexias”.

Utilizar aos cazadores para resolver este tipo de problema e como intentar acabar cos roubos ou a violencia por medio de patrullas de cidadáns armados. Xa se comprobou que non son efectivas, propician abusos e non resoven o problema.

O problema dos danos producidos polos xabarís xurdiu como consecuencia da introducción deste animal nos montes galegos, cando o resto de especies cinxéticas, como coellos, lebres, perdices, etc. ían desaparecendo como consecuencia do exceso de caza, o abandono dos cultivos e a proliferación de sotobosque, algo que tamén propiciou o incremento destes animais e tamén dos incendios forestais, unha praga que en demasiadas ocasións aparece intimamente relacionada con asuntos de caza.

O mesmo problema que se vai repetir coa recente moda de introducir corzos no monte galego e en comarcas onde nunca existiron. Animais que agora están proliferando porque semellan ser máis simpáticos que os xabarís pero que tamén precisan comer e rematarán comendo as uvas, o millo ou as hortas dos agricultores.

A caza indiscriminada, a proliferación de batidas ou formación de exércitos de homes armados do tipo “Pancho Villa” que saian a dar tiros no monte para se divertir, nin é serio nin vai resolver o problema, porque a experiencia nos ten demostrado que nunca se resolveu durante estes anos, e pola contra aumentaron os danos e tamén os incendios.

Porque mentres o monte siga abandonado vai haber xabarís, van poder proliferar, van poder se esconder e van poder burlar aos cazadores como tamén vai haber cada vez máis incendios. Con este tipo de medidas. solo estaremos incentivando que existan cada día máis denuncias de danos ocasionados polos xabarís, para poder saír ao monte a divertirse cazando o que sexa coa desculpa dos xabarís e que haxa, cada vez máis incendios para manter o negocio de apagalos.

A solución solo virá cando se faga unha boa xestión do monte, cando se elimine o exceso de sotobosque e se permita o crecemento de frondosas que afoguen ese exceso, cando se fomente e se subvencione o peche de fincas en lugar de financiar a caza, cando se coide do monte no inverno en lugar de apagar lumes no verán, cando se obrigue aos tecores a facer plantacións disuasorias que permitan aos animais comer sen ter que se ver obrigados invadir plantacións productivas para se alimentar e alimentar aos fillos, cando se faga un adecuado mantemento dun monte que, goberno tras goberno, segue estando abandonado ou propiciando negocios escuros o que facilita tanto a proliferación como a ocultación ou a fuga do exceso de xabarís como a aparición e propagación de incendios forestais.

De maneira que a menos que se estea a defender outro tipo de intereses que non sexan os do monte e do interese colectivo, pensamos que se debería ir pensando en solucións técnicas, profesionais, eficaces e racionais e esquecer aventuras pouco serias con bandoleiros e tiros no monte o ano enteiro.

Sexamos serios.

ADEGA, Amigos da Terra, Libera, Coto do Frade, Federación Ecoloxista Galega, Matar por matar NON, Verdegaia

Referencia á lei de caza:

*Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia.*

Artigo 34.–Doutras prohibicións.

1.–Queda prohibido:

1) Cazar en época de veda.

.....

Artigo 40.–Dos cans e da caza.

.....

3.–En todo caso o dono destes animais evitará que vaguen sen control, tanto en terreos cinexéticos coma nas zonas de seguridade, evitando danos ou molestias ás pezas de caza, ás crías ou ós seus ovos, e responderá dos danos que aqueles ocasionen.

<http://www.matarpormatarnon.org/node/1091>

Batida o día 01 de setembro

[http://www.lavozdeg Galicia.es/galicia/2010/09/07/0003\\_8711083.htm](http://www.lavozdeg Galicia.es/galicia/2010/09/07/0003_8711083.htm)

Xunta multiplica batidas con informe dos tecores

[http://www.elpais.com/articulo/Galicia/Xunta/permitira/cazar/jabalies/fuera/temporada/justificar/danos/cultivos/elpepuespgal/20100907elpgal\\_14/Tes](http://www.elpais.com/articulo/Galicia/Xunta/permitira/cazar/jabalies/fuera/temporada/justificar/danos/cultivos/elpepuespgal/20100907elpgal_14/Tes)

O mesmo no País

<http://www.xornal.com/artigo/2010/09/06/galicia/juarez-aposta-ordenar-montes-ourense-evitar-lumes/2010090623135201386.html>

ordenar montes...

[http://www.lavozdeg Galicia.es/galicia/2010/08/22/0003\\_8682817.htm](http://www.lavozdeg Galicia.es/galicia/2010/08/22/0003_8682817.htm)

Incendios por asuntos de caza – Fornelos

